



XOVES 28 DE MAIO DE 2020

MIRÓN



- Hoxe imos crear un **labirinto** para o que **precisas**:
 - Un **cartón**.
 - **Limpiapipas** ou **plastilina**.
 - **Pegamento** ou **silicona**.
 - **Boliña/canica/boliña** de **plastilina**...
- Atento, tes que:
 - **Debuxar un CÍRCULO grande** no cartón e recortalo deixando un **borde** que debes **dobrar** cara **arriba** para que non escape a boliña que usarás para xogar. Despois, faille un **buraco** no **medio** para que a boliña poida colarse por el cando xogues.
 - **Cortar 3 anacos GRANDES** de limpiapipas/facelos con plastilina.
 - **Cortar 3 anacos MEDIANOS** de limpiapipas/facelos con plastilina.
 - **Cortar 2 anacos PEQUENOS** de limpiapipas/facelos con plastilina.
- Fíxate ben, **están todos** os anacos? Cada un deles é do **tamaño correspondente**? **Compáraos** entre si para apreciar as diferenzas de tamaño e **colócaos por orde** (grandes, medianos, pequenos). **Cantos anacos tes en total? Anota.**
- Agora, coa axuda dun adulto, debes **pegar os limpiapipas facendo unha pequena curva** como podes ver na foto e máis ou menos nesa orde. **Listo**, xa tes o teu labirinto. Por último, tes que botar unha boliña dentro e tratar de levala cara o centro. Conseguíchelo? Espero que o pases ben.
- Despois, **busca** pola casa **obxectos** de **diferentes tamaños** e **ordénaos** en grandes, medianos ou pequenos e, para rematar o día, pensa un **nome** para este xogo. Cando o saibas, **escribeo**. **Cantas sílabas ten?**

Grazas, forza e ánimo.